

Os secuestradores do madeireiro pensaban escondelo en Toques

Catro veciños da comarca permanecen presos no cárcere de Teixeiro pola súa presunta participación no secuestro de Abel Diéguez, o empresario da madeira que foi liberado en Lalín o pasado 24 de xaneiro tras pasar cinco días retido nun cortello na aldea de Xar. Segundo relatou a propia vítima, ese non foi o destino que os secuestradores barallaron inicialmente como lugar do cativerio, senón unha casa da parroquia de Villamor, en Toques. O Xornal Cerne fai un repaso por esta historia de película que causou conmoción na comarca e que tivo na Terra de Melide un dos seus escenarios principais. P14



Emiliano Mouzo

EMPRESA

Mercamelide reforza a súa oferta para a cita do 8 e 9 de febreiro P3

MELIDE

O Psoe pide garantías por escrito sobre a permanencia do Caiss P12

CULTURA

O Programa *Bule con Alcer* bate récord de participación na vila P20

ENTREVISTA



**Rocío
Mejuto,
Colorín
Colorado**

Buscan financiamento para amañar a rúa de San Antón




N. Noguero

A alcaldesa responde ás críticas dos veciños asegurando que xa hai un proxecto redactado e que antes do verán atopará os cartos necesarios para executalo. P11

Persisten os problemas de iluminación no casco urbano



As principais rúas da vila están a media luz. Á escasa visibilidade nos pasos de ceбра súmanse farois sen lámpadas e continuos apagóns nos últimos meses. P13



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc.

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Cidadáns exemplares

Alcaldes e concelleiros que reciben mensualmente sobres con 2.000 euros envoltos en papel de periódico. Alcaldes e concelleiros que pactan as bases dos concursos públicos. Alcaldes e concelleiros que manexan para amañar os contratos da ORA. Alcaldes e concelleiros que presionan para enchufar aos seus. Alcaldes que reciben Rolex de ouro valorados en 6.000 euros. E así ata sumar máis de 100 imputados. Todo supostamente. Son só algunhas pinceladas do que aparece no sumario da Operación Pokemon, que acabamos de coñecer e que se perfila como a trama de corrupción máis extensa, máis vergoñenta e mellor montada que existiu en Galicia.

Partamos da presunción de inocencia, pero deixemos claro ao mesmo tempo que iso non é unha carta branca para aferrarse ao sillón, sobre todo cando se é un cargo público de tanta responsabilidade e se ten capacidade para decidir sobre o diñeiro dos cidadáns. Tal condición require a máxima honorabilidade e a mínima dúbida. É por iso que tardan en chegar as dimisións.

A reacción de todos os imputados consiste en proclamar a súa inocencia, pechar filas cos seus partidos (de quen reciben un apoio inquebrantable) e cuestionar o papel dos medios de comu-



nicación e da xustiza. Non é sorprendente que os xuíces, garantes dunha sociedade verdadeiramente democrática e igualitaria, estean agora máis cuestionados ca nunca?

Semella que vivimos nunha democracia de cartón - pedra con boa fachada (ou xa nin sequera iso) e un fondo oco. O sumario da Operación Pokemon demostra que a corrupción non é unha cuestión de condutas individuais nin dunhas leis febles. É unha podrencia sistemática e organizada que transcende a todos os partidos políticos e que se perpetúa. Por iso xa non abonda con boas palabras. Son necesarios feitos contundentes. Os partidos políticos deben facer fronte común ante a corrupción. Dicar "basta xa". Dicar "ata aquí chegamos" e aplicar

man de ferro. Preséntase unha ocasión marabillosa á volta dun ano nas eleccións municipais. Se o compromiso é tal como din, non se debería permitir que ningún imputado figure nas listas electorais.

Se algo así non sucede, a imaxe da política seguirá caendo en picado e o 95% dos cidadáns seguirán pensando, como demostra un informe publicado recentemente pola Comisión Europea, que a corrupción está institucionalizada. E non só iso, estarán cada vez máis convencidos de que só hai unha forma de reconducir a situación cara ao interese xeral: o espírito de Gamonal, o da marea branca contra da sanidade, o da marea verde da educación ou o da marea violeta do aborto. Cidadáns, estes si, exemplares.

Tribuna de opinión

O privilexio das pensións

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



O Ministerio de Empleo enviaralle este ano a todos os cotizantes maiores de 50 anos unha información personalizada sobre a expectativa de pensión de xubilación. Trátase dun estudo "aproximado" para que os cidadáns poidan "adoptar las decisiones de ahorro" que máis lles convengan aos seus intereses. Algunhas delas serían, por exemplo, traballar máis tempo, aumentar as cotizacións ou recorrer a un plan privado de pensións.

Que se pretende con esta medida que para o executivo central supón "avanzar en la transparencia y en la mejora de la información"? Preténdese poñer no noso coñecemento que, despois de traballar e cotizar durante toda a vida, a non ser que nos espi-lamos e vaíamos ao banco

correndo para contratar un plan de pensións privado (se pode ser con uns dos que se rescatou con fondos públicos mellor), o día que nos xubilemos imos cobrar unha pensión tan ridícula que non nos chegará nin para pipas. E nin poderemos protestar porque axiña nos dirán que o que avisa non é traidor.

Detrás de tanta transparencia e información parece haber unha auténtica campaña de lavado de cerebros. E unha vez máis, estase a xogar co factor do medo. Neste caso, o medo de chegar á vellez e non ter medios suficientes para pasar os últimos anos da vida con dignidade. Xa de paso, tamén se nos segue insistindo nesa idea de que o que un día pensamos que eran dereitos, eran en realidade privilexios.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: María Mellid, Minia Varela, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	14
-CULTURA E LECER.....	20
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Chega o Mercamelide de inverno

O Pazo de Congressos acolle os días 8 e 9 de febreiro a XIII feira de saldos con récord de stands, novos sectores e alternativas de ocio

Van xa trece edicións, pero o Mercamelide non deixa de medrar e de ofrecer ano tras ano importantes novidades. O Pazo de Exposicións e Congressos acollerá os días 8 e 9 de febreiro unha nova entrega desta feira de oportunidades que chega en 2014 cun récord de participación: serán en total 33 os comerciantes que vendan os seus produtos a prezos rebaxados, con descontos de ata o 70%, durante toda a fin de semana.

Novos sectores

“Non medramos só en número, senón tamén en variedade”, salientou o concelleiro de Promoción Económica, Santos López, na presentación do evento. Así é, pois o Mercamelide de inverno contará este ano por primeira vez cun stand de xoguetes e outro de froitas no que se venderá unha tonelada de laranxas. Ademais haberá un expositor dedicado integramente a disfraces e artigos de Entroido.

No recinto feiral, que abrirá en horario ininterrompido de 11:00 a 20:00 horas, seguirán estando presentes os sectores que se incorporaron nas últimas edicións, como a xardinería, os mobles antigos ou o material de construción e, por suposto, non faltarán a roupa e o calzado, sectores que “seguen indo a máis”.

Viño, pulpo e filloas

Tamén segue indo a máis a oferta gastronómica do Mercamelide de inverno, que con-



Sonia Valiño, Ánxeles Vázquez e Santos López

tará cunha viñoteca, un posto de churros e cun espazo onde os asistentes poderán degustar un dos produtos típicos da vila; o polbo. Por outra parte, e tendo en conta o éxito acadado hai dous anos, o domingo estará de novo a máquina filloeira de Lestedo, capaz de cociñar 1.500 unidades por hora.

Ocio e premios

Coa intención de que o Mercamelide “non sexa un espazo de ida e volta, senón un lugar no que a xente quede e poida disfrutar”, tal e como sinalou o concelleiro de Promoción económica, a feira de saldos inclúe máis atractivos que o puramente comercial. Un deles serán os obradoiros de Sogama, que levará ao parque infantil instalado no Pazo de Congressos un xogo xigante de reciclaxe. A iniciativa forma parte da campaña “Separemos

ben, reciclemos mellor”, que ten por obxectivo concienciar aos máis cativos sobre o coitado do medio ambiente.

Para eles haberá tamén inchables gratuítos e para os clientes que pasen polo recinto suculentos premios. O sábado sortearanse dúas cestas con produtos de alimentación e o domingo 500 euros entre todas as persoas que merquen, como mínimo, en tres expositores. O sorteo será ás sete da tarde.

Asetem e o Concello de Melide animan a acudir a un evento único na comarca que destaca pola súa singularidade: “normalmente asóciase a feira de saldos ao baratillo, pero Mercamelide non é iso”, insistiu a presidenta da patronal melidense, Sonia Valiño, “é unha feira onde se venden produtos a baixo prezo pero de calidade e con todas as garantías”.

SUBVENCIONS PARA A APERTURA DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS

O número 23 do Diario Oficial de Galicia (DOG), publica a convocatoria de subvencións para a apertura de novos establecementos comerciais baixo as seguintes condicións e requisitos:

-Beneficiarios: Comerciantes retalistas dados de alta nalgún dos IAE relacionados na axuda, entre o 01/11/2013 e o 30/06/2014, que empreguen menos de 10 traballadores.

-Investimentos subvencionables:

1. Acondicionamento do local, no tocante á superficie comercial adicada á venda, cando a superficie non

supere os 150 m2 (excepto IAE 653.1-comercio menor de mobles, excepto de oficina). Investimento máximo subvencionable, 12.000 euros. Contía da axuda, o 50%.

2. Mellora da imaxe exterior, moblaxe e equipamento. Investimento máximo subvencionable, 6.000 euros. Contía da axuda, o 50%.

3. Tecnoloxías da información e comunicación (TPV integrado, software de xestión e páxina web comercial. Investimento máximo subvencionable, 2.000 euros. Contía da axuda, 50%.

-Prazo de solicitude: Ata o 30/06/2014.

CURSOS DE COMUNICACIÓN E TÉCNICAS DE VENDA EN ASETEM

A sede de Asetem acollerá no primeiro semestre de 2014 dous cursos da Confederación de Empresarios da Coruña. Un deles versará sobre ferramentas de comunicación e o outro tratará sobre técnicas de venda (máis información en www.asetem.com).

Ámbolos dous cursos terán unha duración de 45 horas e poderán realizarse de xeito gratuíto. Van dirixidos a traballadores en activo e están suxeitos a límite de prazas; poderán participar como máximo 15 alumnos en cada un deles. En caso de non completar todas as pra-

zas, poderán participar tamén persoas desempregadas, pero será requisito imprescindible que estean anotadas nas oficinas do INEM.

Prazo de inscrición

Os cursos celebraranse antes do mes de xuño, pero as datas están aínda sen concretar. Non obstante, xa está aberto o prazo de inscrición. As persoas interesadas en participar deberán anotarse antes do 25 de febreiro pasando polas oficinas de Asetem en horario de 8:30 a 13:00 horas ou chamando ao número de teléfono 981 50 61 88.

SEGUROS BILBAO

Grupo CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
Agente de seguros exclusivo
Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra
Nº 113 Bajo - 15800 Melide
Tlf/ Fax: 981506495
Móvil: 678055942
rodrigofernandez@segurosbilbao.com



O PP AFOGA AS PERSOAS AUTÓNOMAS

O Goberno do Estado español vén de aprobar en plenas vacacións de Nadal e sen negociación previa unha serie de medidas que provocarán o incremento de cargas tributarias sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.

1. Incrementábase a cotización mínima para persoas autónomas, o que implica un incremento de máis de 60€ anuais
2. Incrementábase a cotización para persoas autónomas que teñan contratadas 10 ou máis persoas traballadoras, cun valor duns 60€ ao mes.

Esta situación terá unhas consecuencias moi negativas para a economía galega, dado que a maior parte do emprego en Galiza é xerado pola pequena e media empresa, e que afecta a 165.000 persoas no noso país:

1. Suporá incrementar os problemas de liquidez das persoas autónomas e pequenas empresas
2. Desincentivar a contratación. Por tanto, estase xerando un incentivo para que se aumente o desemprego.
3. Non resolve os problemas asociados ao déficit da Seguridade Social.

Neste contexto, o **BNG solicita:**

1. **A retirada deste Real decreto**, aprobado sen consenso de ningún tipo e que só agravará a situación económica das persoas autónomas.
2. **O impulso de políticas económicas expansivas acompañadas de políticas activas de emprego**, como mellor mecanismo para garantir a viabilidade da Seguridade Social.
3. **Unha reforma fiscal progresiva**, en que sexan precisamente as grandes fortunas e grandes empresas as que máis tributen, e non, máis unha vez, a maioría da poboación e as persoas autónomas e pequenas empresas.



O PP AFOGA O PEQUENO COMERCIO,
AS PEQUENAS E MEDIA EMPRESAS.

O PP AFOGA O EMPREGO!
O PP AFOGA GALIZA!

A lotería que sempre toca en Melide

Asetem-Cca entrega os premios da campaña de Nadal

A Asociación de Empresarios Terra de Melide puxo punto e final á campaña de Nadal o 5 de febreiro coa tradicional entrega de premios aos clientes agraciados. Comerciantes e consumidores participaron nun acto que por terceiro ano consecutivo se celebrou no local que Ezequiel Eventos puxo a disposición da patronal.

A presidenta de Asetem, Sonia Valiño e a vicepresidenta da asociación, Elena Quintas, actuaron de anfitrías dunha velada na que se entregaron 18 dos 22 premios

da campaña. Catro galardóns quedaron desertos ao non apareceren nin o titular nin o reserva das rifas agraciadas.

Cuestión de sorte

A sorte, que ten sona de ser caprichosa, sorprendeu un ano máis coas súas reviravoltas. Tendo en conta que nesta edición os 62 comercios participantes repartiron 50.400 rifas, non deixa de chamar a atención que tres das papeletas premiadas as dese Cafetería Stop, entre elas a do premio gordo, dotado con 2.000 euros.

O cliente agraciado foi Javier Barreiro, un veciño de Melide ao que tamén lle sorriu a sorte, pois era posuidor do número de reserva e tivo que agardar preto de vinte días coa incerteza de non saber se aparecería o titular. Finalmente a espera mereceu a pena e para el foron 2.000 euros que xa ten claro en que investir: unha lavadora, unha televisión, un quentador e roupa.

A sorte tamén foi caprichosa coa gañadora do segundo premio, Marissa Sánchez, que recibiu 1.000 euros de Santín & Amo Perruqueiros como clienta e entregou 200 en calidade de comerciante propietaria de El Baúl de la Piquer. Outra das afortunadas foi Montserrat Chorén, agraciada con dous premios, un de 200 euros que recolleu de mans dos xerentes de Romero Zapaterías e outro de 100 euros que lle entregou Cousas Novas. Trala entrega de premios os asistentes ao acto puideron degustar uns petiscos servidos por xentileza de Ezequiel Eventos.



Javier Barreiro e Cafetería Stop



Marissa Sánchez e Santín & Amo Perruqueiros



Asistentes á entrega de premios en Ezequiel Eventos

Comerciantes
e premiados
da campaña
“Este Nadal Toca
en Melide”



A xerenta, a presidenta e a vicepresidenta de Asetem



Elena Bascoy e Muxica Tenda Xoven



Calzados Broz e Dolores Pintor



Jesús Rodríguez e Pescados Abel



María Barrio e Angarela

Comerciantes e premiados da campaña de Nadal



Zapaterías Romero e Montserrat Chorén



Cynthia Corgo e El Baúl de la Piquer



José Luis Vidal e Cafetería Stop



Ramón Pintor e Cafetería Stop



Sara Mejuto e Xoiería Silvela



Eurocadena e Marissa Sánchez por Jesús Mellid



Cousas Novas e Montserrat Chorén



Óscar Seijo e Bodegas Mejuto



Lucía Regueira e Librería Cousas



El Dándolo Moda e Ángel Mouriño



Domitila Agra e Carola Moda 2012



Andrea de la Iglesia e Santín & Amo Perruqueiros

NUEVA APERTURA



CLÍNICA DENTAL

Dr. Karim Gamil Quintela

Presupuesto sin compromiso

Cirugía.
Prótesis.
Implantes.
Periodoncia.
Endodoncia.

HORARIO

Lunes a Viernes:
Mañanas:
10:00 - 13:30 h.
Tardes:
16:30 - 20:30 h.

1ª visita gratuita

Estética.
Ortodoncia.
Odontología conservadora.
Rx panorámica.
Odontopediatría.

Cita previa: **981 50 62 44**
 clinicakarimgamilquintela@hotmail.com
 Rda. de Pontevedra 32, baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Te esperamos

XORNAL CERNE

NOVOS PUNTOS DE DISTRIBUCIÓN

<u>COMERCIO</u>	<u>EMPRESA</u>	<u>HOSTALERÍA</u>
- Aceiteiro - Angarela - Berencello - Bodegas Mejuto - Calzados Broz - Casa Juanito - Casa Santos - Cociñas Buján - Ctro. Cial. Ares - Espomasa - Floristería Maru - Floristería Tarrío - Hijos Casal Mariño - J.R. Cabado - Librería Cousas - Librería Victorio - Melimática - Melisanto - Muebles Paula	- Muxica - Pescados Manolo - Xebre - Xoiería Oro Ley - Xoiería Roval - Xoiería Silvela	- Ovidio Leiva - Proquintas - Villamor S.C.
- A Boa Viña - Bodegón Alongos II - Café Chaplin - Cafetería Arraigos - Cafetería M40 - Cafetería Marian - Cafetería Stop - Casa Estilo - Novo Continente - O Carbuco (Toques) - Os Garceiras - O Sapo Lambón - Parrillada Rúa - Pizzería Xoldra - Pulpería Ezequiel	- Canteras Prebetong - Canteras Rechinol - Constr. Espiño - Cubiertas Blanco - Distribuciones Mella - El Mueble - El mundo del pintor - Fuciños Rivas S.L. - Gasolineira Bocelo - Lácteos T. de Melide - Leonardo Miguélez - Mejuto Vázquez	- CC Xestión - Clínica Dental Ana Marcos - Clínica Dental Karim - Fisiovida - Hardgalicia (R) - Javier López (perito)
- Meligraf - Notaría - Seguros Bilbao	<u>NO POLÍGONO</u> - Jim Sports - Nutripor - Suministros Industriales Cire - Transportes Sierra	

Establecimiento distribuidor de:

Cerne

O xornal gratuito da Terra de Melide

Recolle aquí o teu xornal!!



A FUNDACIÓN BOWLING



DÍA 7: TIRULEQUE

Presentación do disco "Mu!!"

Entrada 5 €

Anticipada 4 €

DÍA 14: QUICO CADAVAL

"Contos de amor parolán"

("Les histoires d'amour pour Hollande")

Entrada 6 €

Anticipada 5 €



DÍA 21: MARÍA DO CÉO

"Fado con outro acento"

Entrada 8 €

Anticipada 7 €



(Todos os asistentes aos concertos terán un 50% de desconto na 1ª partida de bowling)

Programación FEBREIRO - Melide Ocio

**Ser
impecable
está
de moda**

CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA

www.plagostel.com

Plagostel
N.R.S. (0177-GAL-SP01)

Analíticas alimenticias Laboratorio


Legionela Control de plagas

Manipulación alimentos Formación

Comercial@plagostel.com / 986 118 714 / 698 163 399



1ª Ruta de Bares da Zona Vella



Melide

31 de xaneiro
1,2,7,8,9,14,15,16,
21,22,23,28 de febreiro
e 1 de marzo de 2014

Premios:

- 1º 550€ e pack de LICORES.
- 2º 200€ e reloxio.
- 3º 150€, 1 caixa ALBARIÑO, 1 caixa Mencía, COPAS e PACK DE LICORES.
- 4º 100€, 1 caixa ALBARIÑO, 1 caixa Mencía, 1 BOT. ARNEGUI.
- 5º 1 Cesta de ENTROIDO, 1 BOT. Dinastía e copas.
- 6º 1 Cesta de ENTROIDO.
- 7º 1 BOT. Dinastía, 1 BOT. ARNEGUI, 1 decantador e copas.
- 8º 1 BOT. Dinastía, 1 BOT. ARNEGUI, 1 decantador e copas.
- 9º 1 BOT. Dinastía, copas e pack de LICORES.
- 10º 1 BOT. ARNEGUI, copas e pack de LICORES.

SORTEO: 2 de Marzo, ás 6 da tarde na Praza das Coles. Cervexa GRATIS.



Rúa Principal, 6 - MELIDE
Tel: 696 77 41 63

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial
Móvil: 678 543 240

Polígono Industrial do Tambre
Vía Galileo, 9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja Allende Muga Obalo Arnegui Azpilicueta Rioja Bordón Ramón Bilbao Marqués de Terán Marqués de Riscal D.O. Ribera del Duero Tarsus PradoRey Cruz de Alba Condado de Oriza Dominio de Atauta Pago de los Capellanes D.O. Rueda Naia Monteblanco D.O. Ribeiro Viña Costeira	D.O. Vinos de Madrid Tagonius D.O. Somontano Pirineos D.O. Bierzo Dominio de Tares Vinos del mundo Argentina, Australia, Chile D.O. Navarra Castillo de Javier Palacio de la Vega D.O. Bierzo Dominio de Tares D.O. Toro Fariña V.T. Castilla y León Dominio DosTares Viñas del Cénit	V.T. Castilla Mano a Mano & Venta La Ossa Pago del Vicario D.O. Rías Baixas Nora Lusco Veigadares Terra D'Ouro Viña Sobreira Mar de Frades Señorío de Sobral D.O. Valdeorras Galgueira D.O. Ribeira Sacra Pincelo & 1985 Champagne Perrier Jouët Aceite ArteOliva Agua Solán de Cabras
---	--	--

- HOSTELERÍA
- MANTENIMIENTO
- CONSTRUCCIÓN
- AUTOMOCIÓN
- AGROPECUARIA
- PISCINAS
- CELULOSA / ACCESORIOS

Proquintas
QUÍMICA INDUSTRIAL

La química que nos une.

Alta calidad, mejor rendimiento

Un producto para cada necesidad.

Tlf: 981 505 750
www.proquintas.com

**ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATÓLOGOS DE A CORUÑA**

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Ana Marcos Cardo

Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
15800 - MELIDE (A Coruña)
Tlf: 981 50 57 05

METEC
ASESORES

METEC ASESORES

EN COLABORACIÓN
CON

COCHES	VIDA RIESGO
TRACTORES	AHORRO JUBILACIÓN
MOTOS	PLANES DE PENSIONES
HOGAR	INVERSIÓN
COMERCIO	SALUD
EDIFICIO	DECESOS

MELIDE

Tfno.: 981 507 022
Fax.: 981 507 022
Antón Fraguas, 12
15800 MELIDE

TEIXEIRO

Tfno.: 981 789 879
Fax.: 981 789 879
Sánchez Anido, 7
15310 TEIXEIRO

CORUÑA

Tfno.: 981 914 011
Fax.: 981 918 198
Avda Arteixo, 83-85
15009 A CORUÑA

WWW.METECASESORES.COM

COLEGIADA
NUN. 1-1237

ADMINISTRACIÓN DE FINCAS

**GESTION INTEGRAL
DE COMUNIDADES DE PROPIETARIOS**

FERNANDA CASAL VÁZQUEZ

R/ Anton Fraguas, 12
15800 Melide - A Coruna
Tfnos. 981 507022 - 680 243851
casal.fer@gmail.com

**SU COMUNIDAD
EN BUENAS MANOS**

O PP busca 200.000 € para amañar de forma integral a Rúa de San Antón

O proxecto de arranxo xa está feito pero non hai cartos para acometelo. Esa é a realidade da céntrica Rúa de San Antón, cuxo deplorable estado está poñendo a proba a paciencia dos veciños da zona.

O goberno local desvelou que ten a intención de arranxar a vía “de arriba a abaixo” pero que non dispón dos 200.000 euros necesarios para acometer o proxecto, que xa está redactado e que contempla separar as augas fecais das pluviais, soterrar o cableado eléctrico e repoñer o firme. “Podíamos botar un pouco cemento nos baches e deixar que a rúa se siga afundindo, pero non o imos facer” explicou a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, “estou buscando financiamento e agardo conseguilo antes do verán”.

A rexedora contestaba deste xeito ás queixas dos residentes na zona, que foron trasladadas ao pleno polo BNG a través dunha moción na que pedía o arranxo urxente da vía: “os veciños viñeron protestar e non lles fixestes ningún caso”, recriminou o concelleiro Xosé María Santín. “Tedes a rúa nun estado lamentable, sucia, cunha recollida de augas pésima, co tráfico sen regular e intransitable”, engadiu o concelleiro nacionalista, quen manifestou tamén a súa preocupación



Imaxe do deterioro da rúa presentada no pleno polo BNG

pola “mala imaxe de Melide” que poden levar “as miles de persoas” que transitan cada ano por unha rúa pola que pasa o Camiño de Santiago. “Algunha forma haberá de amañar isto” manifestou Santín Amo, “non pedimos que se gasten 200.000 euros, pero unha rúa do centro da vila non pode estar así”.

A alcaldesa pechou o debate en clave política argumentando que carecía de sentido “pelexar por catro votos desa rúa” e dando por sentado que a única posibilidade para San Antón pasa por unha intervención integral e non por reparala en diferentes tramos, tal e como propuxo no seu día a concelleira de obras, Rosa Cabado. “Fun eu a que

rexeitou esa opción”, sentenciou Vázquez.

Finalmente acordouse que o BNG se reunirá cos veciños para consensuar unha proposta sobre a regulación do tráfico e buscar unha solución ao problema que supoñen os coches aparcados a ámbolos dous lados da rúa.

Varios residentes en San Antón asistiron ao pleno para presenciar o debate da moción. Unha das veciñas interveu espontaneamente durante o intercambio de opinións para amoestar ao equipo de goberno: “pasades olimpicamente de nós!”, espetou. A alcaldesa pediu respecto e respondeu dicindo que “o pleno non é unha algarada, despois se queres montamos unha”.

Un choque en Santa María trae de novo a primeiro plano o proxecto da rotonda

A construción dunha glorieta no cruce de Santa María, onde conflúen a N-547, a estrada de Visan-toña e unha vía municipal, volve a estar na axenda política. A deputada do BNG no Congreso dos Deputados, Rosana Pérez, ten programada unha visita a Melide para coñecer a intersección sobre o terreo e presentar as preguntas que lle trasladará ao Ministerio de Fomento co obxectivo de coñecer o estado actual no que se atopa o proxecto, que xa foi aprobado na anterior lexislatura e do que incluso se chegaron a pagar as expropiacións de terreos.



Na mesma liña, os nacionalistas de Melide veñen de presentar un rogo ante o executivo local solicitándolle que recade pola súa banda toda a información que lle sexa posible. A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, asegura que ata onde ela coñece o proxecto está “en punto morto”.

O detonante que motivou a recuperación do interese pola rotonda de Santa María

foi un accidente de tráfico que se produciu no cruce o pasado 20 de xaneiro e que deixou de novo en evidencia a perigosidade dese punto quilométrico. No sinistro víronse implicados un camión de nacionalidade portuguesa e un vehículo todoterreo no que viaxaban dous veciños da parroquia melidense de San Cosme, pai e fillo. José Manuel Segade, de 71 anos, tivo que ser evacuado ao hospital en helicóptero. O seu fillo, José Segade, foi excarcerado polo GES de Melide.

Crean un blog para facilitar a busca de traballo e de novas vías de negocio

A Concellería de Promoción Económica acaba de poñer en marcha unha nova iniciativa para tratar de reducir o número de parados no municipio. Trátase dun blog de emprego no que se pon a disposición dos usuarios información práctica para a busca de traballo. “Non buscamos gañar un premio de deseño”, explicou o concelleiro Santos López na presentación desta nova ferramenta, “senón ser útiles e ofrecer un servizo máis de orientación laboral”.

O blog, ao que se pode acceder a través do enderezo

www.promocioneconomica-demelide.wordpress.com, é “intuitivo e fácil de empregar”. Consta dunha páxina principal, que se actualizará diariamente, e de 7 pestanas con información clasificada por bloques: axudas e subvencións, formación, ofertas de emprego, oportunidades de negocio, parque empresarial, enlaces de interese e recursos.

Aínda que o blog ofrece información referida ao ámbito galego, farase “especial incidencia” en todo o relacionado con Melide, segundo destacou o técnico de orientación labo-

ral do concello, José Manuel Pazó. É por iso que se decidiu incluír un apartado dedicado ao polígono da Madanela no que se poderá consultar a superficie e o prezo de todas as parcelas dispoñibles, así como os descontos que se están aplicando. Do mesmo xeito, creouse unha pestana con ofertas de negocio na zona “para persoas con espírito emprendedor”. Recollerá información sobre locais en aluguer en Melide, trasposos ou empresas interesadas en asentarse no municipio, como é o exemplo da cadea de conxelados Mer-



Santos López e o técnico de orientación laboral, José Manuel Pazó

canova, que busca un franquiciado/a na vila.

José Manuel Pazó salienta que o blog, ademais de achegar datos, é tamén unha ferramenta interactiva a través da

cal se poderán facer consultas e resolver dúbidas. Este servizo complementa a oficina de información laboral que leva funcionando no concello dende finais de 2013.

O PSOE pide que o Ministerio garanta por escrito o mantemento da oficina da Seguridade Social

Os socialistas da comarca non se conforman con desmentidos públicos nin promesas verbais. Queren que sexa o propio Ministerio de Traballo quen confirme por escrito que a oficina da Seguridade Social en Melide seguirá funcionando despois da reestruturación que supostamente vai acometer o goberno do estado e que suporía a eliminación dalgúns centros.

“Quen ten que dicir que isto non se pecha é o Ministerio, non a alcaldesa. Que respondan por escrito, que envíen un documento cos selos ministeriais e entón irá á misa”. Así de rotundo se amosou o coordinador dos socialistas galegos no Congreso e no Senado, Guillermo Meijón, durante unha comparecencia pública na que aproveitou para poñer en dúbida a palabra dada uns días antes pola rexedora, Ánxeles Vázquez, para certificar que “nin houbo nin hai neste momento, nin a curto nin a longo prazo, proxección de ningún tipo de re-



Entrada á oficina da Seguridade Social, na Praza do Convento

estruturación no que á oficina de Melide se refire”.

Avalada polas conversas mantidas coa directora do Instituto Nacional da Seguridade Social e acompañada pola deputada do PP no Congreso Marta Gónzález, a alcaldesa de Melide comparecía tamén ante os medios para desmentir os rumores de peche lanzados polo PSOE e para asegurar que “é imposible, inviable e non ten lóxica de ningún tipo”

que se peche a oficina tendo en conta que presta servizo a 14 concellos de tres provincias e que o ano pasado tramitou 14.688 consultas. “No ministerio son absolutamente conscientes da efectividade, da importancia e do enorme traballo que se está facendo na oficina de Melide”, recalcou a deputada Nacional.

Vázquez acusou ao PSOE melicense de “lanzar noticias sen argumentos” e de crear

alarma social por estratexia política, algo que non gustou aos socialistas, para quen a alcaldesa perdeu toda a credibilidade: “sabemos moi ben o que é berrar aquí e calar en Madrid”, replicou Guillermo Meijón, “que nos diga por que agacha a cabeza ante o seu compañeiro Feijóo, que presupostou un centro de saúde para Melide e non executou un só euro”.

Pola súa banda, o secretario dos socialistas melidenses, José Antonio Prado, insiste en que o PP actúa con “escurantismo” e “ocultando datos”. Sinala que saben “de forma oficiosa” polos sindicatos que se prevé suprimir as oficinas con menos de 8 traballadores (a de Melide ten 6) e asegura que foi a propia secretaria xeral da Seguridade Social a que dixo nunha xornada de traballo que a reestruturación afectaría a un terzo dos centros. Segundo os cálculos do PSOE afectarían a 12 oficinas en toda Galicia, catro delas na provincia da Coruña.

Rouban nunha nave municipal dous coches e ferramentas

O Concello de Melide foi vítima tamén dos roubos que se están a producir ultimamente na comarca. A noite do 13 de xaneiro os cacos entraron na nave que a administración local ten na Rúa Furelos e levaron dous vehículos; un Nissan Patrol e unha Renault Express. Os dous coches apareceron ao día seguinte en perfectas condicións; un no concello de O Corgo e o outro en Monterroso. Os ladróns tamén subtraeron un comprobador da corrente eléctrica, un taladro Bosch, unha manguera trifásica, 400 metros de cable de cobre e 300 metros de cable con portalámpadas.

Nas últimas semanas os amigos do alleo tamén entraron nalgúns locais comerciais, en vehículos na zona de Priorada e mesmo roubaron dous porcos da matanza.

Melide acollerá un programa pioneiro contra o despoboamento no rural

Vinte e cinco mozos e mozas participarán en Melide nun proxecto de emprego pioneiro posto en marcha con fondos europeos pola Consellería de Traballo para conseguir que se fagan un oco no mercado laboral aproveitando os recursos que ofrece vivir nunha aldea.

Aval Xóvenes, como se denomina o programa, busca crear oportunidades de emprendemento para a mocidade e dinamizar ao mesmo tempo as zonas do rural, contribuíndo así a fixar poboación. Precisamente un dos motivos que decantou a balanza a favor de Melide á hora de converterse en sede deste curso foi “o elevado número de mozos e mozas que abandonaron a zona”, segundo explican dende o departamento autonómico. Outros factor de peso foi o potencial do municipio “para ofrecer oportunidades en eidos como o turismo, o



A titular de Granxa Maruxa, en Monterroso, é un exemplo de emprendemento no rural

agro, os servizos ou as persoas maiores”. Coristanco será, xunto con Melide, a outra sede do programa en Galicia.

Inserción laboral do 50% Os participantes en *Aval Xóvenes*, homes e mulleres entre 18 e 25 anos en situación de desemprego, contarán con

asesoramento personalizado a cargo dun equipo técnico que investigará o territorio en busca de oportunidades ao tempo que orientará a cada un dos participantes cara ao proxecto de emprendemento máis axeitado ás súas características. O obxectivo é conseguir entre o 40% e o 50% de inser-

A ANÁLISE

Un futuro con interrogantes

Os datos do Instituto Galego de Estatística confirman a tendencia negativa na que está inmerso Melide, que ve como descende ano tras ano o número de persoas en idade laboral menores de 40 anos. Cada vez hai menos mozos e mozas traballando no municipio. A causa non é só a crise demográfica, senón tamén a falta de oportunidades, o convencemento de que marchando se pode levar unha vida mellor. Nos últimos seis anos diminuíu un 27% o número de mozos menores de 30 anos en idade laboral. Na franxa dos 30 aos 40 anos o descenso foi do 16%. Marchan tamén as persoas estranxeiras, que xa non ven o concello como un lugar no que progresar. Os números que vaticinan un futuro sombrío.

Evolución da poboación en idade laboral

	2007	2010	2013
≤ 30 anos	1.407	1.240	1.026
30-40 anos	1.195	1.193	1.005
Estranxeiros	201	133	101

ción laboral unha vez rematado o programa, cuxo prazo de inscrición xa pechou.

Esta iniciativa experimental que se desenvolverá en Me-

lide é unhas das 15 que decidiu apoiar a UE dentro de todo o territorio comunitario no marco da súa estratexia de emprego *Garantía Xuvenil*.

Esixen unha solución urxente para os problemas de iluminación na vila

É un feito: amplas zonas do casco urbano de Melide presentan unha iluminación deficiente. Sábeno os condutores que non ven aos peóns, sábeno os peóns que teñen medo de non seren vistos polos condutores e cóntao calquera que pasee de noite por algunhas rúas da vila.

A esta situación engádense os constantes problemas no sistema de iluminación e os repetidos apagóns que se veñen producindo nos últimos dous meses, algo que provocou tanto as queixas dos veciños como as críticas da oposición. O PSOE esixe a revisión “inmediata” do sistema ao tempo que recorda que as lámpadas “acenden moi tarde en relación á hora axeitada en que deberían facelo”. Advirte que se está poñendo en risco a seguridade das persoas e engade que “a despreocupación” do executivo local “raia a negligencia como xestores públicos”.

Na mesma liña, o BNG tamén critica a xestión do PP: “a ineptitude no caso da illumi-



A Avenida de Lugo a escuras a noite do 8 de xaneiro

nación pública acada cotas inimaxinables”, sinala Xosé Igrexas, voceiro dos nacionalistas. Denuncian que non se están atendendo as reclamacións dos usuarios “en tempo e forma” e que en moitas rúas existe unha “sorprendente” ausencia de puntos de luz e farolas sen bombillas.

A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, reconece os problemas de visibilidade e anuncia actuacións inmediatas nas prin-

cipais rúas da vila, en concreto nas estradas de Lugo, Santiago e Lalín. Cambiarase o cableado, os cadros eléctricos e as bombillas. Non obstante, descarga responsabilidades no anterior goberno bipartito, ao que acusa de colocar farois de 6.000 euros “onde non se ve absolutamente nada”. Por outra banda, recorda que o PP xa investiu 53.250 euros en cambiar as lámpadas de 8 rúas por outras máis eficientes.

A Lotería Nacional deixa en Melide 300.000 euros



Ana López, empregada da administración, co número premiado

Certo é que non hai dous sen tres e máis certo aínda que a sorte vai por rachas. Despois de selar en novembro de 2013 un boleto agraciado con 2,9 millóns de euros, que foi parar a mans dun peregrino cordobés, e de repartir poucos meses despois na Bonoloto outros 954.000 euros, o despacho de lotería da familia Parrado de Melide volveu dar en menos dun ano outro deses premios que alegran a vida.

Desta volta foi na Lotería Nacional do xoves 30 de xaneiro, da que esta adminis-

tración melidense da Rúa do Progreso vendeu unha serie completa (dez décimos) do primeiro premio, o número 85.030. En total repartiron 300.000 euros. A cada boleto correspóndenlle 30.000. Se en ocasións anteriores houbo incerteza sobre a identidade dos agraciados, nesta ocasión os titulares da administración están convencidos de que a sorte lle sorriu “aos clientes habituais que veñen xogar todas as semanas”, ou o que é o mesmo, aos veciños da vila. Os cartos quedan en Melide.

Sala nova no velorio

A nova sala do velorio municipal de Melide estará rematada no mes de abril. Esas son as previsións do equipo de goberno, que decidiu reservar unha partida de 66.698 euros do Plan de Obras e Servizos da Deputación para sumar unha sala máis ás dúas xa existentes e dar carpetazo aos problemas de falta de espazo que se producen periodicamente cando coinciden varios enterros nos mesmos días. O ano pasado o velorio municipal contabilizou 133 servizos, que lle reportaron ás arcas municipais 27.257 euros. O uso dunha sala durante 24 horas custa 180,90 euros.

Melindres no Xantar

O Concello de Melide participa un ano máis en Xantar, o Salón Internacional da Gastronomía e do Turismo. A través de fotografías e dípticos proporcionará información durante cinco días sobre seu patrimonio monumental, paisaxístico e gastronómico. Casa Estilo, en representación da Asociación Melide Terra Doce, ofreceu unha degustación de produtos para dar a coñecer os doces de Melide. No marco do Xantar tamén se difundiu a convocatoria do concurso de carteis para a XXIII Festa do Melindre, que ten de prazo ata o 31 de marzo para a recepción de traballos.

Discriminación no DTC

O BNG denuncia que o Concello de Melide perdeu este ano case 28.000 euros do plan DTC 93 como consecuencia “do uso sectorial e clientelar que fai o PP dos fondos da Deputación”. Os nacionalistas sosteñen que o organismo provincial cambiou “de xeito unilateral” os criterios de reparto deste programa de axudas “para beneficiar aos gobernos populares da Coruña, Ferrol e Santiago”. Consideran que se discrimina ao rural e pídennlle á alcaldesa “que defenda os intereses de Melide e non os do partido”. A Deputación acusa ao BNG de “ir polos concellos dando datos falsos”.

Facturas en dez días

O Concello de Melide tarda unha media de 10,82 días en pagarlle as facturas aos seus provedores. Así se reflicte no informe de intervención do último trimestre de 2013, onde tamén recolle que non existe ningunha factura sen aboar que leve máis de tres meses rexistrada. Segundo o documento, nos últimos tres meses do ano pasado realizáronse pagamentos por valor de 1.057.606 euros correspondentes a 592 facturas. A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, subliña que o cumprimento “estricto” dos pagos evita os xuros de demora e contribúe á estabilidade financeira.

FOTO-DENUNCIA

Precaución, zona escura



Ao can fraco todo se lle volven pulgas. Por se as principais vías de Melide non estivesen xa bastante escasas de luz, os dispositivos que poderían advertir dos perigos derivados de tal situación tampouco alumean. Que significado teñen dous paneis en negro situados ao pé da N-547 nas entradas da vila? Precaución, zona escura? Avisar de que non hai luz ao final do túnel? Se están aí, deberían acender. Se non poden estar, terían que retiralos. Se isto fose unha cuestión de enchufes, habrían funcionar.

Catro veciños da comarca permanecen presos no cárcere de Teixeiro dende o día 26 de xaneiro despois de que o Xulgado de Instrución número 2 de Betanzos decretase para eles prisión comunicada e sen fianza pola súa suposta implicación no secuestro de Abel Diéguez, un empresario de Cambre dedicado ao negocio da madeira.

Os irmáns Jesús e Manuel Mejuto, naturais da parroquia de Dormeá (Boimorto), e Ramón Tarrío máis Jesús Manuel Miguélez, de Villamor (Toques), son os protagonistas locais dunha historia con ingredientes propios da mellor novela negra que comezou co secuestro do madeireiro nos montes de Aranga o pasado 18 de xaneiro e rematou seis días despois cunha liberación feliz en Lalín e coa detención de oito persoas, persecución policial incluída. Un argumento propio de película que conmocionou a comarca e que atopou nela non só parte dos seus actores principais, senón tamén importantes escenarios.

Detención en Nogueira

Un deses escenarios foi o Concello de Sobrado, onde se detivo a Jesús Mejuto, presunto cabecilla da trama, e ao seu fillo José Miguel, de 18 anos. Malia que a Dirección General da Guardia Civil situou a detención en Melide e, preguntada por este período,

Detidos catro veciños da comarca polo secuestro do empresario de Cambre



Fotos: César Delgado
Eliseo Trigo

Os detidos á saída do xulgado: Jesús Mejuto, Manuel Mejuto, Ramón Tarrío e Jesús Manuel Miguélez

dico, se negou a ofrecer máis detalles ao respecto, o Xornal Cerne puido saber que estes dous presuntos secuestradores foron interceptados na parroquia de Nogueira arredor das 9 da mañá do venres 24 de xaneiro, sete horas despois de ser liberado o empresario. Ata alí chegaron logo de darse á fuga nun Renault 19 e de percorrer as pistas da comarca perseguidos polos axentes. Á altura de Nogueira, e vén-dose acurralados, embestiron contra un vehículo da Garda

Civil e nese momento foron reducidos.

Toques, destino inicial do cativerio

O mesmo Renault 19 que empregaron para darse á fuga, e que estivo custodiado no cuartel de Melide, foi o que usaron os secuestradores para trasladar a Abel Diéguez dende os montes de Aranga ata a aldea de Xar (Lalín), onde estivo encerrado durante cinco días nun cortello de 4 metros cadrados. Segundo a Garda Civil,

viaxaron uns 100 quilómetros por estradas secundarias para evitar os controis entre ambas localidades. Mais antes de chegar ao destino final do cativerio, Abel Diéguez percorreu a Terra de Melide dentro do maleteiro do coche, unha viaxe durante a cal os secuestradores barallaron encerrar ao madeireiro nunha casa do Concello de Toques.

“Nun principio non ía ir para a casa de Lalín, ía para a do que din que foi policía”. Son palabras pronunciadas

polo propio Abel Diéguez nunha entrevista que o empresario concedeu a La Voz de Galicia e na que se refire á vivenda que ten outro dos detidos, Ramón

Tarrío (máis coñecido como “O Guardia”), na parroquia toquense de Villamor. Finalmente, por motivos aínda descoñecidos, rexeitouse Toques como lugar do cativerio e foi cando se trasladou a Abel Diéguez ata a aldea de Setefontes, en Palas de Rei, onde or irmáns Mejuto teñen a súa casa natal. Nesa vivenda, abandonada e ruín, o madeireiro pasou a primeira noite de secuestro antes de ser trasladado a Lalín.

Camiño de Setefontes, Abel Diéguez intentou fuxir e pediu axuda sen éxito ao seu paso polo núcleo urbano de Sobrado: “o Renault 19 era igual ca o que tivo a miña muller”, relatou para La Voz de Galicia, “como puiden desmontei as intermitentes e saquei as bombillas. Levantei un pouco o maleteiro e vin o mosteiro de Sobrado e a xente paseando polo arcén. Fixen señas pero non me viu ninguén”. Nese momento os secuestradores decatáronse do que sucedía e pecharon o maleteiro con chave. Aínda así, o empresario volveuno intentar: “conseguín abrílo de novo e vin que pasabamos por Friol, pero xa non había xente pola estrada nin ninguén que puidera axudarme”.

“Vendéronse por unha cea ou un vaso de viño”

A detención dos irmáns Mejuto e dos dous veciños de Toques causou a sorpresa xusta entre a xente da Terra de Melide. Ninguén contaba que puidesen estar involucrados nun secuestro desas características pero ninguén pon tampouco a man no lume por estas catro persoas con antecedentes penais e amplos historiais delituosos.

Todos eles pasaran xa polo cárcere. No caso dos dous veciños de Toques, Jesús Manuel Miguélez e Ramón Tarrío, por violencia de xénero, unha condena á que este último, “O Guardia”, suma tamén outras por furtivismo e trapicheo. O alcume venlle dos anos que pasou en Bilbao traballando como policía local. Expulsado do corpo,

regresou á casa de súa nai en Irago, na parroquia de Villamor, onde vivía “dunha pensión non contributiva”, segundo explican os veciños. “O Guardia” era supostamente o encargado de vixiar ao secuestrado. Cando foi detido na casa de Lalín, a Garda Civil interceptoulle unha pistola de pequeno calibre.

Habitual dos bares de Melide, compartía amizade con Jesús Manuel Miguélez, “o de Casimiro” ou “O chatarras”. Así coñecían en Toques a este home de 38 anos, tamén veciño de Villamor, que foi detido pola súa implicación no secuestro e do que se cre que actuou como gancho para enganar a Abel Diéguez e que acudise ao monte a ver e taxar a madeira.

A detención destes dous homes foi recibida con certo escepticismo en Toques: “calquera que os coñeza sabe que non son xente con preparación para facer algo así”, comenta un veciño de Villamor, “ao mellor víronse metidos en todo isto sen darse de conta e despois xa non podían volveirse atrás”, apunta. “Eu penso que se venderon por unha cea ou por un vaso de viño”, sentencia outro veciño. Tamén eran coñecidos en Melide os irmáns Mejuto, por teren vivido no Forte e por rexentar hai anos un bar na Ronda da Coruña. Jesús volvera para Boimorto había pouco tempo, tras pasar máis de 20 anos en Venezuela e Brasil a onde, ao parecer, fuxiu da xustiza tras participar



Pepe Tejero



Emiliano Mouzo

Arriba, dúas casas da parroquia de Villamor que se barallaron como lugar para agochar ao secuestrado. Abaixo, casa de Setefontes, en Palas de Rei, e cortello da aldea de Xar, en Lalín.

como cómplice no asasinato por encargo dunha muller en Asturias. Defende que non

participou dun secuestro, senón dunha “represalia” por unha débeda pendente.

Por San Valentín, merca en Melide

Joyería Oro Ley



Taller propio



Rúa de San Pedro, 14
15800 MELIDE (A Coruña)
Tlf: 981 50 54 68

Jibrela

JOYERÍA - RELOJERÍA

Y

ARTÍCULOS DE REGALO

Ronda de A Coruña, 40
Tfno: 981 50 59 97

MELIDE

14 de febrero
dilo con flores....

feliz SAN VALENTÍN
día del amor y la amistad

te amo

Si algún día Dios nos dijera que amar es pecado,
prefiero ser pecador y vivir enamorado.

quérote

Guardame en tu corazón

Yo nunca supe que tenía un sueño,
hasta que ese sueño fuiste tú.

i love you

te quiera

Si quieres saber cuanto te
quiero cuenta las estrellas
del cielo...


Los amigos son la familia que se escoge

Si planta una semilla de amistad, recogerá un ramo de felicidad

Floristería MARU

...nosotros te ayudamos!

Rúa do convento nº9 Melide (A Coruña) tel: 981 507580
e-mail: floristeria.maru@gmail.com móvil: 607 507579



MIS MEJORES LABORES

Avda. América, 3 MELIDE



Floristería Tarrío

MELIDE

- Produtor de toda clase de flores
- Preparamos:
Ramos de noiva, coroas, ramos,
palmas, centros, etc..
- Estamos ao seu servizo en:

R/ Amador Rodríguez, 7

Tfnos: 981 50 61 64 / 981 50 59 86

666 49 38 49 / 666 49 38 50

ENTROÍDO 2014



Nos pubs de MELIDE





Sorteamos

5.000 EUROS

Premios en metálico!!



Sábado, 1 de Marzo



A MELHOR ZONA DE MARCHA DE GALICIA ESTÁ EN MELIDE

15 de fevereiro
sábado



Especial
San Valentín



FESTA
DA
CAMISETA

Consíguea nestes locais!!!



DISCOTECAS, PUBS,
BARES, RESTAURANTES,
HOTEIS, ETC...



IMPRENTA
meligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu



HOTEL BALNEARIO
RÍO PAMBRE 

Vilariño (San Breixo). Palas de Rei. 27203 Lugo
Telf.: 982 37 41 35 / Fax.: 982 37 40 98
E-mail: info@balnearioriopambre.com
Web: www.balnearioriopambre.com



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)



Pousada Chiquitín

Rúa San Antonio, 18 - MELIDE

Campionato de tute



Campións



Subcampións



3º posto



4º posto



- Almorzos
- Menú do día
- Carta variada
- Habitacións
- Terraza

Tlf: 981 815 333

Xavier Pazo seguirá catro anos máis á fronte da asociación “Río Furelos”



Xavier Pazo (segundo pola esquerda) coa nova xunta directiva da Asoc. de Troiteiros Río Furelos

Xavier Pazo Blanco repetirá como presidente dos troiteiros da comarca. Así o decidiron os membros da Asociación “Río Furelos” no transcurso da súa XI Asemblea Xeral Ordinaria, que se celebrou o pasado 18 de xaneiro no Edificio Multiusos de Melide e que contou coa participación do 71% dos socios.

A reelección permitiralle a Pazo Blanco sumar 12 anos á fronte da entidade, que conta a día de hoxe con 405 asociados. Acompañarano na xunta directiva Jorge Pazo, en calidade de vicepresidente, Juan Manuel Pérez como secretario e Carlos Lamas como vicesecretario. Jesús Ramón Pampín ocupará a tesourería e os vogais serán Antonio González, Guillermo Gómez, Fernando Miguélez e Diego González.

Na xuntanza, ademais de renovar a directiva, fixéronse tamén as actividades para 2014.

Actividades programadas para 2014

- .- Mantemento das sinais e dos accesos no couto do río Furelos e do río Martagona
- .- IX Campionato Terra de Melide (5 abril)
- .- Master de campións a mosca (3 maio)
- .- Pesca e ceiba (7 de xuño)
- .- Día do socio (3 de agosto)
- .- X Xornadas de limpeza do río Furelos (30 de agosto e 6 - 13 de setembro)
- .- Campaña “Proxecto ríos” de Adega (primavera - outono)
- .- Cursos de montaxe de culleriña e mosca (sábados de outubro e novembro)

Conscientes do importante que é saber dicir “K NON”



O alumnado do IES atendendo ás explicacións dos presos

Dúas horas de testemuñas en primeira persoa, de música, de imaxes, de opinións e de debate. O taller DI K NON, creado pola Unidade Terapéutica

(UTE) do Centro Penitenciario de Teixeira chegou en xaneiro ao IES de Melide para sensibilizar á mocidade da comarca dos riscos e das consecuencias

derivadas do consumo de drogas, incluído o alcohol.

Profesionais e internos do cárcere participaron na primeira parte deste proxecto, que se desenvolveu no salón de actos do instituto e que tivo continuidade cunha visita de varios alumnos e alumnas ao centro penitenciario. Alí participaron das dinámicas da UTE e incidiron nos riscos derivados do consumo, facendo especial fincapé na privación de liberdade (o 80% da poboación reclusa cumpre condena por delitos relacionados co consumo de drogas).

DI K NON é unha actividade coa que colabora a Fundación Barrié que se leva realizando dende hai tres cursos en toda Galicia. Ao longo deste tempo participaron nela 3.600 alumnos con idades comprendidas entre os 14 e os 16 anos.

Toques segue buscando usos para os seus edificios públicos

O Concello de Toques non dá atopado o xeito de sacarlle partido ao albergue e á aula da natureza. Estes dous edificios públicos, renovados hai pouco tempo e claramente infrautilizados, estanse a converter nun auténtico crebacabezas para o equipo de goberno.

Tras aparcar a idea formulada polo anterior alcalde, Jorge Calvo, de organizar na Aula da Natureza unha feira semanal con produtos agrícolas da terra, o Concello baralla agora outras alternativas logo de que unha empresa de ocio da comarca se interesase por alugar as instalacións. Segundo explicou a concelleira de obras,

Mónica Penas, esta compañía xa se interesou polo edificio hai dous anos pero daquela era de propiedade privada e non se chegou a un acordo co propietario.

Por outra banda, o equipo de goberno dubida agora da conveniencia de sacar a concurso a xestión do albergue e contempla a posibilidade de ofrecerllo á mencionada empresa de ocio tamén en réxime de aluguer.

Dende a oposición, o BNG presiona para que se atope unha saída canto antes: “hai que buscarlles uso dalgunha maneira a esas instalacións porque se están gastando cartos tontamente”, sinalou o edil Ángel Penas.

Segunda Cea Gaiteira



Acostuman a amenizar festas e a tocar en días que son especiais para o resto da xente, pero eles tamén merecían o seu propio e por iso os gaiteiros e gaiteiras da Terra de Melide celebraron o 25 de xaneiro unha nova edición, e van pola segunda, da Cea Gaiteira. O evento tivo lugar no Hotel Carlos 96 e, tendo en conta as datas que se achegan, o menú consistiu nun potente cocido que deu folgos dabondo para a foliada que se celebrou a continuación no Pub Gatos. E como preludeo da festa rachada, concerto de “Os de Redondela”.

Conservación de estradas

A Deputación da Coruña aprobou no pleno de xaneiro o Plan de conservación de Vías, que contempla actuacións en 2.140 quilómetros de estradas da provincia. Os traballos consistirán en renovar a capa de rodadura no 10% das vías, desbrozar e limpar cunetas, realizar obras de drenaxe, repórter sinais e colocar biondas.

No que se refire á comarca da Terra de Melide, acometeranse obras de mellora nas

seguintes estradas:

- .- C4601 Melide -Toques a Figueiras.
- .- C4602 Furelos a Meire e prolongación.
- .- C4603 Melide a Ribadulla.
- .- C4604 Melide ás Pías por Toques.
- .- C7901 Chorén ao Lugar da Cruz (Santiso).
- .- C8001 Cruces a Penablanca.
- .- C8002 Camiño a San Antolín (Toques).

O custo destas actuacións ascende a 362.764 euros.

O programa para doentes crónicos *Bule con Alcer* bate récords en Melide

As zapatillas ben atadas e o chándal de estrea. Música movida para empezar con ganas e algunhas dificultades no primeiro día para seguir as coreografías. A maioría xa teñen parte da vida andada, pero comezan o curso coa mesma ilusión dun cativo que volve á escola e coa seguridade de que a súa saúde agradecerá o exercicio.

Non hai dúbidas sobre iso para as 50 alumnas que participan na quinta edición de *Bule con Alcer*, un proxecto da Asociación para a Loita Contra as Enfermidades de Ril (Alcer) que persegue mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidades crónicas combinando exercicio físico adaptado e asistencia psicolóxica.

Este programa, pioneiro en España e que só se imparte en 8 concellos de Galicia (todos eles na provincia da Coruña), ten en Melide o récord de alumnado. O elevado número



Sesión de exercicios no primeiro día de clase de *Bule con Alcer*

de matriculacións sorprendeu ao propio vicepresidente de Alcer Coruña, Carlos Canedo, que expresou a súa satisfacción durante a presentación do novo curso, o pasado día 23 de xaneiro: "A Coruña é unha cidade e somos catro pelagatos. Dá gusto chegar aquí e ver que hai tanta xente que se está beneficiando do noso traballo".

Tal é o éxito do programa en Melide, que quedaron en lista de espera 20 persoas. A concelleira de Benestar Social, Chus López Mourón, sinala que é "unha pena" que non poidan participar todos os demandantes pero asegura que o Concello "non dá abarcado máis". Nese sentido, destaca o esforzo financeiro que tivo

"Os médicos nunca pensaron que me ía poñer tan ben como estou"

A piques de cumprir os 89 anos, Esther Vázquez presume de ser a alumna máis vella da clase e de estar en plena forma. Parte do segredo está en *Bule con Alcer*, unha terapia que lle axuda a sentirse "moito máis lixeira" e que lle fai desaparecer o tremor das pernas ao tempo que mitiga os seus problemas coas cervicais. "Veño encantada porque isto é unha marabilla", asegura sen ningún tipo de dúbida.



Carmen Arias leva tres anos asistindo ás clases de *Bule con Alcer* e atopou nelas moi bo remedio, case un milagre, para os seus problemas de ósos: "eu estaba moi enferma e xa andaba toda curvada", explica, "dixéronme deste programa e dende que me apuntei empecei a mellorar; os médicos nunca pensaron que me ía poñer tan ben como estou". No exercicio atopou unha medicina que agora non está disposta a deixar "por nada do mundo".

que facer o seu departamento para manter esta actividade logo de que a Deputación deixara de financiala ao 100%.

Bule con Alcer é un pro-

grama gratuíto no que os asistentes teñen 3 horas de clase á semana. O único requisito para participar é ser enfermo crónico maior de 18 anos.

Excelente papel en Bouzas coa vista posta en Madrid



Equipo da Escuela Ayude desprazado a Bouzas

A Escuela Ayude desprazouse o pasado 25 de xaneiro a Bouzas (Vigo) cun equipo integrado por 11 deportistas para participar no Campionato Galego de Loita en categorías junior e escolar. Tras superar duros enfrontamentos, os de Melide fixeron pleno no medallero e todos os loitadores remataron en postos de podio. O balance non puido ser mellor: cinco ouro, tres pratas e cinco bronce.

Grazas a estes metais os de Melide lograron o primeiro posto na competición por equipos en loita grecorromana, marcando así un novo fito, pois nunca antes conseguiran este título. As rapazas quedaron segundas en loita libre feminina.

O paso por Bouzas deixou moi boas sensacións de cara ao Campionato de España de loita, que se celebrará o próximo 1 de marzo en Madrid.

O Atlético colle impulso con catro novas fichaxes



O Atlético fichou nos últimos dous meses 6 novos xogadores

A folla de ruta programada pola nova xunta directiva do Atlético Melide comeza a dar os seus resultados. A estratexia era clara: fichar para ganar e lograr o ascenso a segunda autonómica. E así está sendo de momento.

O club melidense anotou nos últimos tres partidos outras tantas vitorias logo de vencer con claridade ao Ponte Camporrapado, á SD Prevedións e ao Touro. Neses en-

contros marcou 11 goles e non encaixou ningún; boas estatísticas que o colocan no medio da táboa, a 7 puntos do líder, e acariñando os postos de promoción. Na boa marcha do equipo teñen parte de responsabilidade as catro novas fichaxes: Sergio Vigo, David de la Iglesia, o dianteiro centro Leandro dos Santos e Bahía, porteiro orixinario de Portugal. O club segue buscando máis reforzos no mercado.

Aberto o prazo para o concurso de disfraces do Entroido 2014

O Concello de Melide xa abriu o prazo para inscribirse no concurso de disfraces de Entroido, que se celebrará o martes 4 de marzo ás 18:30 horas no Pazo de Congressos. As inscricións poderán facerse no departamento de cultura ata ese mesmo día ás 14:00 horas ou ben no Cantón de San Roque antes do concurso, entre as 16:30 e as 17:00.

Este ano entregaranse un total de 2.000 euros en metálico repartidos en 6 premios, dous por categoría:

-Comparsas (máis de 8 persoas), un premio de 700 euros e outro de 550.

-Grupos (2-8 persoas), un premio de 300 euros e outro de 200.

-Individual, un premio de 150 euros e outro de 100.

O xurado valorará a orixinalidade, o traballo feito á man e a posta en escena.



ATLÉTICO MELIDE C.F.

Sortea

3.000 €

O premio poderase canxear entre
o 28/6/2014 e o 28/9/2014 nos
establecementos de Melide
nomeados neste anuncio

UN ÚNICO ACERTANTE!!

O boleto gañador deberá coincidir
coas 3 derradeiras cifras do sorteo
da Lotería Nacional do día
28 de Xuño de 2014

A Fábrica do Camiño
Admon. de Loterías Parrado
Bar Cantón
Cafetería Arraigos
Cafetería Avenida
Cafetería M40
Cafetería Marta
Calzados Broz
Calzados Romero
Casa Juanito
Casa Melchora
Cervexería O Trasno
Cervexería Orois
Cousas Novas
Discoteca Factory Room
El Baúl de la Piquer
Estación de Servicio Bocelo
Librería Victorio
Modas El Dándolo
Modas Mosterio
Noguerol 1945
Pescados Abel
Pub Modell
Pulpería A Garnacha
Restaurante Novo Continente
Restaurante Sony
Supermercado Familia
Supermercado Froiz
Supermercado Gadis
Supermercado Gómez
Supermercado Quintás
Tenda Triscos
Tintorería Iris
Tu Boutik
Ultramarinos Aceiteiro
Zapatería Tanuska

Independencia!... (familiar)

María Mellid López, licenciada en ADE

Desde que a crise chegara ás nosas vidas con todas as súas consecuencias, como o paro xuvenil, o difícil acceso á vivenda ou a escaseza de crédito, son moitas as novas sobre a escasa e tardía emancipación da mocidade. Está claro que todas estas razóns económicas son o problema de fondo pero á hora de marchar do niño tamén existen outras cuestións “formais” ás que debemos enfrontarnos.

As persoas que recentemente o levamos a cabo sabemos que este proceso é un mundo, así que aproveito este pequeno espazo para deixáros catro puntos clave a aqueles e aquelas que esteades pensando en emprender a aventura:

1. Dade a nova gradualmente para non romper a harmonía familiar. A idade media a que se independizan a maioría das persoas neste momento son trinta e cinco anos... os pais están demasiado acostumados a verte roldar pola casa como para desaparecer así, sen preparalos nin nada.

2. Exercitade a paciencia e a tolerancia. Ides ter que pasar por comentarios que van



desde o: “E agora? Xa non vas estar aquí...” (demoledora), pasando polo “Éravos horas, xa pensei que formalizabades na xubilación” (eu tamén o pensei, perde coidado) e chegando ó “Mudácheste o sábado? E que fas que estamos a mércores e aínda non houbo festa de inauguración?” (polo visto, é requisito indispensable... debe vir a tradición de cando os novos devanceiros atopaban cova nova, churrasco para todos!).

3. Quince días antes do cambio comezade unha rutina de exercicios destinados a for-

talescer lombo e extremidades. Durante a mudanza chegaredes a desenvolver complexo de mula de carga; sumado ó enxoval básico que mercaredes vós (e que nunca será suficiente!), virá o que vos dará a vosa nai (“leva mantas, pratos, cubertos, e... a avoa, se tes sitio, tamén lle apetece ver mundo”) e, como non, todas as cousas inútiles que coleccionades ata o de agora e que contan cun incalculable valor (“como? ah, non, non, nin se vos ocorra tirar as miñas cincuenta Barbies con profesións multidisciplinares, xa as levo eu!”)

4. No caso de que vos independentedes para compartir teito coa vosa parella, preparade unha folia de ruta na que se detallen horarios de posesión do mando a distancia, plans de fin de semana, tarefas de limpeza e cociña, etc... (tipo “acordo de accionistas” cando se constitúe unha sociedade). Non deixedes ningún detalle, dentro dun mes arrepentirídesvos de non telo feito!

E, por último, lembrade que o primeiro mes de abstinencia da “comida de mamá” é o máis duro... despois, todo vén rodado. Ánimo!

A economía de proximidade

Minia Varela, profesional autónoma

O termo economía de proximidade engloba todo aquilo que se produce, transforma e consume de forma local. No esquema da economía de proximidade, a produción e o consumo asociado deben realizarse nun determinado perímetro (unhas ducias de Km).

Un papel prioritario é o que xogan as cidades como centros de consumo. Hai grandes expectativas dos consumidores en relación cos produtos locais, pero por outra banda un de cada dous consumidores lamenta as dificultades para atopalos e para distinguilos dos outros produtos.

Unha das estratexias da Comisión Europea para a nova PAC é a promoción e desenvolvemento da economía de proximidade nos territorios rurais. Entre as medidas que propoñen, destacamos as seguintes:

- Favorecer a relación entre as zonas urbanas de consumo e as zonas de produción situadas arredor das mesmas.

- Identificar os circuitos de distribución locais e garantir unha hixiene e seguridade alimentaria sen desanimar a creación de pequenas estruturas de produción.

- Animar aos agricultores a investir poñendo á súa dispo-

sición instrumentos de apoio para reforzar o espírito empresarial nas zonas rurais.

Neste contexto é necesario adoptar estratexias que favorezan o desenvolvemento da economía de proximidade. Se queremos crear emprego e asentir a poboación no rural, deberíanse apoiar os proxectos que favorezan a súa implantación nos territorios galegos. Algunhas ideas para poñer en marcha estas estratexias poden ser:

- Potenciar a venda dos produtos locais nos mercados urbanos, potenciando sinerxías entre a cidade e os territorios rurais, creando novos escenarios e redes de cooperación urbano – rurais.

- Activar a economía local a través do traballo cos actores do territorio, impulsando modelos de mercados de proximidade e fomentando a cooperación entre o empresariado.

- Sensibilizar aos consumidores sobre o consumo local e de proximidade e dar a coñecer os produtos agroalimentarios de calidade.

- Promocionar as iniciativas empresariais do rural no sector agroalimentario e mellorar as competencias dos produtores/as no campo da comercialización de produtos.

Bitcoin, a moeda que pode cambiar o mundo

Rafael Rodríguez Gaioso, enxeñeiro informático e presidente de MeLiSa

Bitcoin é unha moeda electrónica que permite realizar operacións de xeito directo e sen intermediarios. Foi creada no ano 2008 dentro dun foro de criptografía e descoñécese a identidade real do creador (ou creadores). Está descentralizada, non pertence a ningún Estado, e non está regulada por ningún banco central. As transferencias de bitcoins utilizan un sistema seguro que fai imposible a súa falsificación, e as operacións son irreversibles.

O protocolo que fai funcionar a Bitcoin está liberado baixo unha licenza libre (MIT License), e pode ser revisado

por calquera persoa, así como ser copiado ou modificado. Para poder traballar con esta moeda é necesario dispor de enderezos bitcoin, semellantes aos enderezos de correo electrónico. Coñecendo o enderezo público dunha persoa (ou empresa), poderei enviarlle bitcoins en calquera momento. Para realizar envíos ou acceder aos meus fondos, teño que facer uso da miña chave privada, que por suposto debo protexer para evitar roubos (mediante un contrasinal).

Os bitcoins están almacenados nun deses enderezos, que funcionan de xeito semellante ás contas bancarias tra-

dicionais, onde figura unha cantidade que aumenta ou diminúe, a medida que se realizan as transaccións. Por exemplo: Mario ten 10 bitcoins, e decide enviar 2 a Ana. Mario usa a súa chave privada para iniciar unha nova transferencia. A rede Bitcoin toma nota desa operación, e rexistra un novo valor no enderezo de Mario e Ana: enderezo de Mario -> 8 bitcoins, enderezo de Ana -> +2 bitcoins. Esta nova operación queda almacenada nun rexistro colectivo e inalterable para que ninguén a poida modificar. Cando Ana desexe gastar os seus bitcoins, repetimos o mesmo proceso.



Para xestionar os meus enderezos bitcoin poden utilizar programas específicos, tanto para PC como para móbiles, ou a través dunha páxina web. Os nostálxicos tamén poden imprimir o enderezo público en papel.

O futuro desta moeda é totalmente incerto, pero hai

moitas novas que fan pensar no interese de países como China, e que pode chegar a utilizarse para certo tipo de transaccións a través de Internet, ou que poderá convivir coas moedas tradicionais.

-<http://bitcoin.org>

-<http://bitlegal.net>

-<http://queesbitcoin.info>

ROCÍO MEJUTO, COLORÍN COLORADO

“Estamos incorporando marcas novas cun toque diferente para esta tempada”

Este mes de febreiro cúmprese un ano dende que a tenda de moda infantil Colorín Colorado aterrou en Melide para ofrecerlles aos cativos da comarca e a seus pais “roupa para todos os gustos e para todos os petos”. En pouco tempo logrou converterse nunha tenda de referencia pola varie-

dade dos seus artigos, sempre alegres e innovadores. A aposta pola moda continuará coa inminente incorporación de novas marcas e o obxectivo de seguir sendo o establecemento ideal para que os máis pequenos poidan vestirse “de arriba a abaixo” e saír polas portas da tenda “co kit completo”.

-A moda tamén é cousa de nenos. Seguro que lles gustará saber o que se vai levar na tempada de primavera-verán...

-Rocío Mejuto (R.M.): Nós xa levamos dende mediados de xaneiro incorporando prendas novas e vemos que volven as cores moi fortes e alegres: os tons ácidos, flúor. Por outra parte, os complementos seguen ganando terreo. Dáselles cada vez máis importancia.

-Á hora de mercar roupa para nenos, prima a comodidade ou a estética?

-R.M.: Depende do uso que se lle vaia dar ás prendas. Se son para levar ao coleio ou para a gardería, búscase a comodidade, sen dúbida. Se son para un día especial, búscase roupa máis ao gusto dos pais ou dentro das tendencias de cada momento.

-Ao gusto dos pais e dos cativos tamén, supoño. Semella que cada vez deciden máis sobre a roupa que levan...

-R.M.: Si, é certo. O que eles digan ten moito peso e comezan a opinar xa dende moi pequeniños. O que aínda non sei moi ben é en que basean os seus criterios, pero ás veces sorpréndeste do claras que teñen as ideas: din que algo non lles gusta e non o poñen. Cando eu era pequena, vestía o que me poñían pero agora as cousas cambiaron moito e aínda que sexan as nais ou os pais os que escollen, sempre teñen en conta a opinión dos fillos e preguntanlles se lles gusta o que van mercar.

-Acabamos vestindo aos nenos como adultos por mor de seguir a moda?

-R.M.: Si, por norma xeral sucede iso, aínda que hai moitos



Rocío Mejuto é empregada de Colorín Colorado dende que a tenda abriu as súas portas

prototipos. Hai quen quere que vistan como nenos e opta por prendas máis infantís e hai quen os viste tan modernos que parecen chicos ou chicas. Ao final depende dos gustos de cada quen.

-Que liña segue a roupa de Colorín Colorado?

-R.M.: Nós temos prendas para todos os gustos e para todos os petos. Traballamos un amplo abano de roupa para nenos e nenas dende que acaban de nacer ata os 14 anos. Tamén temos zapatos e complementos. Vestímolos de arriba a abaixo. Intentamos ter todo o que necesita un cativo, de xeito que poida saír pola porta da nosa tenda co kit completo. Ademais de roupa, tamén lle ofrecemos aos clientes bastantes artigos de puericultura, sempre dentro do

sector téxtil: mantas, edredóns, sacos para os carriños...

-Tamén teñen roupa para cerimonia?

-R.M.: Si, ademais da liña sport tamén temos outra con prendas máis de vestir. Tráballos moito as marcas Quimper e Sardon e en breve imos incorporar outra nova, Dolce Petit, con cousas moi bonitas. Vendemos incluso roupa para bautizos cun estilo informal. Non é preciso recorrer ao clásico faldón de sempre; cun pantalón curto, unha camisa e uns panties, o neno vai ben vestido igualmente para a cerimonia. É un estilo que está tendo moi boa acollida.

-Percibe que os hábitos están cambiando?

-R.M.: É inevitable que cambien. O que temos que facer as

tendas é tratar de adaptarnos. En Colorín Colorado gústanos moito innovar e por iso tamén na liña sport estamos incorporando novas marcas de cara á próxima tempada. Estarán dentro da liña de roupa que nós xa temos pero terán un toque diferente, un chisco máis moderno.

-Este mes cúmprese un ano dende que abiron as súas portas. Como chegou Colorín Colorado a Melide?

-R.M.: Colorín Colorado é unha cadea de roupa infantil que botou a andar hai catro anos en Lalín. Logo abriu outra tenda en Monterroso e a terceira foi en Melide. Responde ao carácter emprendedor dos propietarios que supoño que escolleron Melide porque, aínda que é unha vila pequena, sempre ten moito

“Temos roupa para todos os gustos e petos, zapatos e tamén moitos artigos de puericultura”

“Os nenos teñen as ideas claras e opinan xa dende moi pequeniños sobre a roupa que van mercar”

movemento e pasan por ela moitos peregrinos e xente dunha área moi grande. De momento estamos moi contentos coa acollida que tivo a tenda. Tamén hai Colorín Colorado en Monforte e en breve abriremos en Sarria.

-Están tamén contentos co resultado da campaña de rebaixas?

-R.M.: Foi bastante boa. Empezamos xa a mediados de decembro con descontos do 30% e varios domingos fixemos unha promoción da segunda prenda a un euro. A mercadería tivo moita saída xa nos quedan poucas tallas.

Colorín Colorado

Ronda da Coruña, 10

Tlf: 881 97 85 60

Visítanos os días
8 e 9
de febreiro no
Mercamelide



Vinoteca **A boa Viña** ZONA DOS VIÑOS **MELIDE**

A boa Vida 2014 ENTROIDO

VENRES 28 febreiro
a partir das 8 da tarde

3ª festa da filloa á pedra
Con FILLOAS GRATIS para tod@s.
Ata altas horas da madrugada

+ degustación de **Cruz de Alba**
Ribera del Duero - Crianza

Terraza exterior con calefactores

SOMOS OS LOCAIS DE REFERENCIA EN MELIDE!!

Pub + MELIDE

Especial San Valentín

Viernes 14 Febrero

ACTUACIÓN DE: COLORES

Tendrás COPA + REGALO

¡Ven a celebrarlo con nosotros!

A partir de la 01:30 H.

Pub + MELIDE

Sábado 15 Febrero

Fiesta de la Camiseta

I ♥ Melide